

Álvarez de la Granja, María; González Seoane, Ernesto (eds.), *Léxico dialectal y lexicografía en la Iberoromania*. Madrid/Frankfurt am Main, Iberoamericana/Vervuert, 2018, 500 p.

O interesante libro *Léxico dialectal y lexicografía en la Iberoromania* consta de 500 páxinas e editárono na prestixiosa editorial Iberoamericana/Vervuert **María Álvarez de la Granja e Ernesto González Seoane**. Ambos a dous, profesores na Universidade de Santiago de Compostela e especialistas recoñecidos en léxico galego e lexicografía galega, asinan a introdución (pp. 9-21), que consta de dous apartados: “El léxico dialectal y la lexicografía” e “Estructura y contenido del volumen”.

A obra presenta unha visión global da presenza e do tratamento do léxico dialectal na lexicografía iberorománica e para iso ten en conta dúas vertentes complementarias: a produción lexicográfica dialectal e os dicionarios xerais.

O libro divídese en tres apartados: “Estudios teórico-metodológicos” (que conta con cinco estudos), “Historiografía de la dialectología dialectal” (formado por once traballos) e “El léxico dialectal en los diccionarios generales” (composto por seis subapartados).

Carolina Julià Luna realiza no primeiro capítulo (pp. 25-51) un percorrido histórico polas correntes teóricas e metodolóxicas no estudo do léxico dialectal iberorománico. A autora focaliza o cambio que supuxo a chegada da xeografía lingüística. Despois de comentar as características das investigacións dialectais anteriores a esta corrente, a cal xurdiu a finais do século XIX, ocúpase de analizar os métodos da xeografía lingüística e préstalle moita atención ós atlas lingüísticos e ó método *Palabras e cousas*, que centra o estudo dialectal no léxico. Por último, a autora destaca que a xeografía lingüística foi un alicerce importante para os estudos da motivación léxica e a semántica cognitiva.

O segundo capítulo “Tendencias actuales en la investigación del léxico dialectal” (53-76) complementa a contribución anterior e realizárono **Hiroto Ueda e Antonio Ruiz Tinoco**. O traballo mostra os métodos máis novedosos na investigación léxica e céntrase nos dicionarios dialectais e nas enquisas interurbanas, que achen datos diferentes ós da xeolingüística. Tamén se analizan algúns dos novos métodos.

O capítulo “La lexicografía dialectal: aspectos teóricos, metodológicos y tipológicos” (pp. 77-100), elaborado por **Alejandro Fajardo**, serve de marco para os capítulos do segundo apartado do volume e nel analízanse as bases teóricas e os diferentes métodos que usan os dicionarios dialectais do español. Despois de analizar, entre outras cousas, as fontes dos dicionarios, os criterios de selección (diferencia, contrastividade e coincidencia), as informacións históricas e etimolóxicas, a marcación diasistemática e as definicións vocabulares, termina realizando unha tipoloxía da lexicografía dialectal baseándose en seis criterios teóricos e prácticos.

A seguinte contribución (pp. 101-119) é de **Juan Gutiérrez Cuadrado** e constitúe un marco xeral para o terceiro bloque do volume, que estuda o léxico dialectal nos dicionarios xerais. O autor analiza a relación entre os dialectalismos e os dicionarios xerais monolingües e as teorías lingüísticas en tres etapas: dende o século XVII ata o estruturalismo, o estruturalismo e a época actual. No traballo tamén hai reflexións sobre a dificultade de definir e aplicar o concepto de *lingua estándar*, sobre as razóns que levan a realizar obras de lexicografía dialectal e sobre a introdución de dialectalismos nos dicionarios xerais e a maneira de marcalos.

O primeiro apartado cérrao **Klaus Zimmermann** cun capítulo titulado “Lexicografía diferencial y lexicografía integral” (pp. 121-144). Despois de trazar un panorama histórico con revisións conceptuais e cunha reflexión sobre o dicionario como discurso, Zimmermann distingue entre dicionarios de diferencias (que se dirixen a lectores lingüistas) e dicionarios integrais (que se redactan para consulta de falantes dunha variedade) e dálle prioridade metodolóxica ós dicionarios integrais (que deben basearse en *corpus*) sobre os dicionarios diferenciais (que, para el, se deben realizar sobre os dicionarios integrais).

José Luis Aliaga abre o segundo bloque do libro cun capítulo (pp. 147-161) sobre a lexicografía dialectal do aragonés no contexto da lexicografía dialectal hispánica. O autor destaca que, a partir dos anos 70 do século XX, moitos dicionarios insértanse no contexto de debate sobre a normalización do aragonés e o intento de que o aragonés deixe de estar subordinado ó castelán. No entanto, segundo o autor, persiste o problema de que o aragonés carece dun modelo padrón asumido maioritariamente.

Os dous editores deste volume (**María Álvarez de la Granja e Ernesto González Seoane**) ocúpanse de ofrecer no seguinte capítulo (pp. 164-185) unha revisión historiográfica da lexicografía dialectal do galego que vai dende os precursores do século XVIII ata os proxectos innovadores de principios do século XXI. Ademais establecen unha periodización centrándose nos traballos máis relevantes e acaban cunha reflexión final, que inclúe as tarefas pendentes da tradición lexicográfica estudada.

Francisco M. Carriscondo Esquivel analiza o traballo feito e o que queda por facer na lexicografía andaluza. Para el pódese aproveitar mellor o realizado ata agora e cómpre no futuro levar a cabo proxectos ben deseñados metodoloxicamente e de corte sincrónico e diferencial.

Da lexicografía diferencial canaria (pp. 205-228) ocúpase **Dolores Corbella Díaz**. A autora realiza unha presentación, describe as obras máis importantes dos séculos XIX e XX e remata destacando a publicación do *Tesoro lexicográfico del español de Canarias* (1992) e de obras posteriores que recolleron o léxico actual de todas as illas así como a documentación histórica del.

José Antonio González Salgado expón no seu capítulo (pp. 229-246) que a lexicografía estremeña non empezou ata principios do século XX e que a maioría dos repertorios non se publicaron ata os últimos trinta anos. Por isto presenta os estudos realizados en función do seu alcance: dicionarios xerais, repertorios lexicográficos locais e comarcais e vocabularios de monografías dialectais e doutros estudos. Finaliza cunha valoración da lexicografía estremeña e nela subliña que a publicación do *Tesoro léxico de Extremadura*, que se atopa na última fase de realización, permitirá perfilar mellor as áreas léxicas da rexión, delimitar os constituíntes históricos do léxico estremeño e observar a configuración de campos semánticos.

José Carlos Huisa Téllez ofrece unha visión xeral da historia da lexicografía do español de América (pp. 247-266). Os inicios desta lexicografía están no século XVI coas glosas enciclopédicas dos indixenismos e cos dicionarios das linguas indíxenas elaborados por misioneiros. Para Huisa, a lexicografía hispanoamericana nace de verdade no século XIX e presenta certa renovación a partir da década de 1970 co proxecto de Augsburg e co dicionario integral de Lara sobre o español de México.

Aparecida Negri Isquierdo presenta un panorama histórico dos estudos lexicográficos de carácter rexional sobre o léxico do portugués do Brasil (pp. 267-289). A autora tamén discute os conceptos de *brasileirismo/ rexionalismo* e de *dicionarios rexionais/dialectais*. A continuación ofrece datos do DDB (*Dicionário Dialectal Brasileiro*), aínda en fase inicial de realización e que ten como base o *corpus* do *Atlas Lingüístico do Brasil* (ALiB). Finalmente, destaca a importancia para os dicionarios dialectais do *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*.

No seguinte capítulo (pp. 291-307) **Janick Le Men Loyer** céntrase nas obras máis destacadas da bibliografía dialectal de parte da área leonesa (León, Zamora e Salamanca) desde finais do século XIX ata principios do século XX. A autora destaca o impacto que supuxo a publicación en 1906 de *El dialecto leonés* de Ramón Menéndez Pidal para que se fixesen moitos estudos dialectais desta área. Ademais, tamén pon en valor a importancia da documentación medieval leonesa, publicada en *Index Verborum*.

María Pilar Perea Sabater trae un panorama das achegas lexicográficas do catalán que incorporan informacións diatópicas (pp. 309-328). O período de eclosión de dicionarios dialectais foi o século XIX pero xa dende o século XV houbo mostras de lexicografía dialectal ocultas en obras que tiñan outros fins. O fito máis importante desta tradición lexicográfica é o *Diccionari català-valencià-balear* (DCVB), concebido por Antoni Alcover a finais do século XIX e publicado no século XX (1930-1962). Esta obra combina diacronía e sincronía e usa datos orais e escritos. Finalmente, a autora analiza a presenza de información dialectal en dicionarios xerais dos séculos XX e XXI.

O seguinte estudo (pp. 329-347) de **Isabel Almeida Santos** trata sobre a lexicografía dialectal do portugués europeo. A autora comeza por comentar a aparición de formas léxicas *desviantes* nos glosarios do século XVI. A continuación, a autora analiza o tratamento dado a tales formas, especialmente ás dialectais, nos dicionarios do século XVIII e XIX. A lexicografía dialectal portuguesa nace propiamente no século XIX da man do dialectólogo Leite de Vasconcelos. Amais, Santos pon de relevo a importancia dos traballos de Paiva Boléo, de Lindley Cintra e do proxecto *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*.

O último capítulo do segundo apartado titulado “Lexicografía dialectal del asturiano” (pp. 349-365) fíxo **Xulio Viejo Fernández**. Tras falar das orixes da lexicografía asturiana entre os séculos XVI e XIX, o autor analiza as obras lexicográficas da primeira metade do século XX. Estas son de tres tipos: continuadoras da tradición anterior, baseada en textos escritos e literarios; traballos de campo de corte pidaliano e traballos seguidores do método *Palabras e cousas*. Posteriormente, o autor comenta os vocabularios das monografías dialectais da segunda metade do século XX, os vocabularios independentes das últimas décadas e os dicionarios dialectais asturianos de carácter xeral.

Germà Colón Domènech abre o terceiro apartado do volume coa contribución “Dialectalismos en la lexicografía catalana” (pp. 369-387). O autor comeza o seu estudo con obras da Idade Media e destaca o dicionario catalán-latín *Liber Elengantarium* (1489) de Joan Esteve. Despois comenta obras do Renacemento, do século XVII e do século XVIII. O esplendor lexicográfico do século XIX analízao cunha organización xeográfica (Cataluña, Valencia, Baleares). Termina estudando tres obras do século XX: o *Diccionari català-valencià-balear* de Alcover/Moll, o *Diccionari general de la lengua catalana* de Fabra e as dúas edicións do *Diccionari* do Institut d’Estudis Catalans.

O capítulo “El Léxico dialectal del español de España en los diccionarios generales” (pp. 369-412) firmao **Carlos Garriga Escibano**. O autor analiza o léxico dialectal no *Diccionario de la lengua española* da RAE (2014), o *Diccionario de uso del español* de María Moliner en dúas edicións (1966-1967; 2007), o *Diccionario del español actual* de Manuel Seco *et alii* e o *Clave*. Ademais repasa outros dicionarios, que non inclúen este

tipo de información. Conclúe pedindo unha maior colaboración entre lexicografía e dialectoloxía para conseguir un mellor tratamento das palabras dialectais nos dicionarios xerais.

José Carlos Huisa Téllez ocúpase do seguinte capítulo (“El léxico regional en la lexicografía hispanoamericana”, pp. 413-438). Despois dunha introdución sobre conceptos teórico-conceptuais e metodolóxicos, analiza, seguindo a división en catro etapas da lexicografía hispanoamericana, o léxico rexional de obras consideradas xerais dun país, dunha rexión ou de toda América hispana. A segunda etapa comprende os dicionarios de provincialismos posteriores á independencia e a primeira comeza no século xviii. A terceira etapa ilustra coa análise de dous dicionarios (o de Malaret e o de Santamaría) da primeira metade do século xx e a cuarta etapa, posterior a 1970, comprende obras diferencial-contrastivas como o proxecto de Augsburg e obras de lexicografía integral como o *Diccionario del Español de México* (DEM).

Na seguinte contribución (pp. 439-457), **Clotilde de Almeida Azevedo Murakawa** analiza o procedemento léxico seguido polos dicionarios xerais de lingua portuguesa *Aurélio* e *Houaiss* e chega á conclusión de que o 70% das palabras seleccionadas coinciden nos dous dicionarios. Previamente, Murakawa sinalou que a marcación dialectal da lexicografía portuguesa comezou no século xviii con Raphael Bluteau e acentuouse cando Brasil se independizou en 1822. A autora traça un panorama das obras lexicográficas do século xix e xx que recollen brasileirismos e que foron aproveitadas polos dicionarios *Aurélio* e *Houaiss*.

María Dolores Sánchez Palomino é a autora do capítulo “El léxico dialectal en el Diccionario de la Real Academia Gallega” (pp. 459-475). Tras explicar o funcionamento no *Diccionario da Real Academia Galega* (2012) con respecto ó tratamento dos dialectalismos, analiza a información que se transmite sobre estes na obra indicada. A autora comenta algunhas das consecuencias do tratamento dado ó léxico dialectal, que non se presenta como marca pero si se dá nas definicións, exemplos ou observacións e pensa que se debe elaborar un dicionario xeral dialectal debido a que se conta con información suficiente para iso.

No último capítulo do volume **João Saramago** analiza en catro dicionarios de referencia do portugués europeo vinteito voces, orixinarias do Miño e as Beiras, do *Suplemento* que Raphael Bluteau engadiu ó seu *Vocabulario portuguez e latino* (1712-1728). O seu obxectivo é comprobar a pervivencia e a distribución dialectal de tales palabras con posterioridade ó século xviii. Para iso tamén tivo en conta un artigo de Leite de Vasconcelos sobre o *Suplemento* e o material léxico recollido para o ALEPG. O autor conclúe que os distritos do norte e do centro-norte son os que manteñen na actualidade máis palabras das vinteito estudadas por el.

En definitiva, esta obra, elaborada por recoñecidos especialistas das súas materias, é de obrigada lectura para os lingüistas, para os romanistas e para os especialistas en lexicografía e dialectoloxía iberorrománica, xa que fai reflexionar sobre os aspectos teórico-metodolóxicos da lexicografía estudada, ofrece unha reflexión crítica e ben fundamentada sobre a historiografía da lexicografía dialectal iberorrománica e formula propostas e proxectos de renovación dos métodos de traballo da lexicografía tradicional.

Aquilino Santiago Alonso Núñez
Departamento de Filoloxía galega e latina
Universidade de Vigo
aalonso@uvigo.es